

VIVAMENTE O DOMINGO



TÍTULO ORIGINAL *Vivement dimanche!*

ANO 1983

DURACIÓN 111 min.

PAÍS 

DIRECTOR François Truffaut

GUIÓN François Truffaut, Suzanne Schiffman, Jean Aurel (Novela: Charles Williams)

MUSICA Georges Delerue

FOTOGRAFÍA Néstor Almendros

REPARTO Jean-Louis Trintignant, Fanny Ardant, Philippe Laudenbach, Caroline Sihol, Philippe Morier-Genoud

PRODUCTORA Les Films du Carosse / Films A2 / Soprofilms

A política dos artesáns, por Alejandro G. Calvo



En *Tacóns Afastados* (1991) Pedro Almodóvar pon en escena na derradeira imaxe do film a unha Victoria Abril que lembra o son dos tacóns da súa nai a través da ventá que da a altura da beirarrúa exterior. No clímax dramático do filme, Almodóvar consegue o súmmum dunha, por outro lado, desigual película. Esta imaxe roubada de *Vivamente o domingo* homenaxea a un cineasta que si en algo se parece ó manchego, é na súa desaforada paixón pola arte cinematográfica (sentimento igualado no cineasta parisino polo seu amor pola

literatura), e resulta á vez a mellor secuencia do derradeiro filme do autor de *Os 400 golpes*, aquela na que Jean-Louis Trintignant observa a través da ventá as pernas dos transeúntes e na que Fanny Ardant lle agasalla con sendos vaivéns. Un momento cargado de emoción, por outro lado, nunha película cuxa forza dramática atópase nos marxes da mesma, é dicir, que Truffaut, a estas alturas da súa errática carreira como cineasta, dispoñía unha emoción na elaboración dos seus filmes que raramente se vía cristalizada en resultados artísticos acadados.

Pero que ninguén se leve as mans á cabeza por falar como o meu amigo Perogrullo. A sentenza é sinxela: François Truffaut non soubo manter a súa coherencia coma crítico máis alá dos seus primeiros anos de cineasta, o período que abarca dende a fabulosa curtametraxe *Le mistons* (1954) ata a soberbia *A pel suave* (1964). Dende entón Truffaut, como tantos outros grandes cineastas comezou a zarandearse entre adaptacións literarias de distinto interese e a proseguir coas cada vez máis aburridas andanzas dun Antoine Doinel convertido en mimo da sociedade parisina. O cineasta autor daba orixe ó cineasta artesán. Pero ímos con *Vivamente o domingo*, o derradeiro filme de Truffaut, que, curiosamente, soubo recuperar unha sorte de talento narrativo herdeiro dunha interesante artesanía fílmica, un *collage* de formas recuperadas da cinefilia que daba os seus froitos nus filmes coidados (e solventes) co suficiente atractivo como para que nos poidamos reconciliar no último momento co autor de obras como *Bicos roubados* (1968) ou *Unha moza tan decente coma min* (1972). Para *Vivamente o domingo* Truffaut adaptou unha novela negra de Charles Williams titulada *The long Saturday night*, co que se deu o gusto de revivir dende a serie B norteamericana dos anos 40 ao thriller de suspense netamente hitchcockiano. Está claro que o punto forte de Truffaut non era precisamente o sentido do humor, que nos seus filmes soe resultar, senón ridículo, si algo altisonante. Digo isto porque si algo non lle falla a *Vivamente o domingo* é o sentido do humor.